



MATERIA	Lingua Galega e Literatura
PROFESOR/A	Mª Dolores García Parada

1ª AVALIACIÓN	BLOQUES CONTIDO		TEMAS	%	Unidades libro/fotocopias
	B.1 B.2	Comunicación oral e escrita	1. Enunciado e texto. Propiedades textuais. Técnicas de selección da información, tema, ideas principais, resumo, esquema. 2. Tipos de textos. Clasificación.	50%	
	B.3.	Lingua	1. Fonética e fonoloxía. Os sons e os fonemas do galego. 2. As unidades sintácticas. 3. Morfoloxía. Estrutura e formación de palabras.	20%	
	B.4.	Sociolingüística	1. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. 2. As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos.	10%	
	B.5	Literatura	1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas. 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas. 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo). 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.	20%	

2ª AVALIACIÓN	BLOQUES CONTIDOS		TEMAS	%	Unidades libro
	B.1 B.2	Comunicación oral e escrita	3. Textos expositivos e argumentativos.	50%	
	B.3.	Lingua	4. Semántica. 5. Morfoloxía. Repaso de 1º BAC. I 6. Análise sintáctica.	20%	
	B.4.	Sociolingüística	3. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. 4. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. O galego, lingua en vías de normalización.	10%	
	B.5	Literatura	5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais. 6.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas). 7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas. 8.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	20%	

3ª AVALIACIÓN	BLOQUES CONTIDO		TEMAS	%	Unidades libro
	B.1 B.2	Comunicación oral e escrita	4. Textos xornalísticos, académicos e publicitarios.	50%	
	B.3.	Lingua	7. Dialectoloxía. 8. Análise sintáctica.	20%	
	B.4.	Sociolingüística	5. 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. 6. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.	10%	
	B.5	Literatura	9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro. 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes. 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes. 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.	20%	

## LECTURAS

1ª avaliación: LEDICIA COSTAS, Infamia. Xerais.

2º avaliación: FRANCISCO CASTRO, Tantos anos de silencio. Galaxia.

3ª avaliación: GONZALO NAVAZA, Erros e Tánatos. Xerais.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN	NOTA MÍNIMA PARA QUE FAGA MEDIA
Probas escritas	80%	
Libro lectura	10%	
Traballos ou exposicións orais	10%	
Total	100%	

As probas escritas finais terán unha parte práctica e unha teórica e será necesario non deixar a parte teórica en branco para facer media. De non ser así, o exame será avaliado cun 4 aínda que a nota dunha das partes ou a suma sexa superior.

**Nos exames finais de avaliación do 2º e 3º trimestres entra todo o visto nos trimestres anteriores exceptuando os temas de literatura.**

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma dos tres apartados. Para a nota final da avaliación ordinaria realizarase a media aritmética das avaliacións trimestrais.

**A nota final do curso** obtense facendo a media das tres avaliacións, coa nota real, non co redondeo. Quen non obteña un cinco como media das tres avaliacións terá dereito a unha proba final de recuperación.

Nas probas escritas **os erros ortográficos** ou de lingua descontarán ata un máximo de 2 pts. Utilizaranse as normas da ABAU para favorecer o coñecemento das probas específicas. Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05), graves (0,10) e moi graves (0,20) ata un máximo de 2 pts, segundo estes criterios: *Faltas moi graves*: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. *Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y, etc.*) e acentuación diacrítica. *Leves*: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Ningún alumno-a suspenderá exclusivamente por erros ortográficos.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo**. No caso de detectar que o alumno/a copia nun exame retiráraselle a proba inmediatamente e poráselle un cero.

**O alumnado de 2º bacharelato non poderá usar os teléfonos móbiles durante as clases de Literatura e Lingua Galega. Para a realización de exames e probas de avaliación, poderase esixir que os deixen enriba da mesa do profesor/a.**